

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA EN DATA 17 DE SETEMBRO DE 2015

ASISTENTES:

Alcalde-presidente:

D. Ángel Alvariño Saavedra (PSG-PSOE)

Sres./as. Concelleiros/as:

D^a. Ana Rosa Pena Barcia (PSG-PSOE)

D. Gonzalo Ferreiro Rego (ídem)

D^a. María Begoña Balsa Alonso (ídem)

D. Ángel Salvador García Cordero (ídem)

D. José Ignacio Cabezón Lorenzo (PP)

D^a. Montserrat Rico López (ídem)

D. Roberto Rey Fernández (ídem)

D^a. María Carmen Insua Cabanas (ídem)

D^a. Leticia Iglesias Basanta (MOVENEDA)

D. Juan Carlos Pita Galego (ídem)

D^a. María Helena Pardo Rodríguez (BNG-Grupo mixto)

D. Antonio Seijo Martínez (CG-Grupo mixto)

No Salón de Plenos da Casa do Concello da Vila de Neda sendo as doce horas e cinco minutos do día dezasete de setembro do ano dous mil quince, reúnese en primeira convocatoria baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Ángel Alvariño Saavedra, o Pleno do Concello, co fin de levar a cabo a sesión extraordinaria convocada na forma regulamentaria e a cal asisten os señores concelleiros e concelleiras que na marxe se relacionan. Actúa como Secretario o titular do Concello, D. Alejandro R. Antelo Martínez, asistindo tamén a Interventora municipal, D^a Ana M^a Prieto Martínez. O concelleiro D. Ángel Salvador García Cordero incorpórase á sesión plenaria no debate do segundo punto da orde do día, cando son as doce horas e dez minutos.

Sendo a hora sinalada e co quórum regulamentario, pásase ao exame dos asuntos a tratar na orde do día da convocatoria, adoptándose os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 16/07/2015.

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade procede á aprobación da citada acta.

2º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES DE MOVENEDA CONTRA APROBACIÓN INICIAL DA BASE 56ª DAS BASES DE EXECUCIÓN DO PRESUPUESTO DE 2015.

ANTECEDENTES

En data 29 de xullo de 2015 con número de rexistro de entrada 2002, D^a. Leticia Iglesias Basanta e D. Juan Carlos Pita Galego, concelleiros do grupo municipal de MOVENEDA, formulan alegacións e reclamación contra a aprobación inicial da base 56 das bases de execución do orzamento 2015, mediante escrito do seguinte tenor literal:

*“D^a. Leticia Iglesias Basanta e D. Juan Carlos Pita Galego, concelleir@s do Movemento Veciñal Neda – MOVENEDA, integrantes do Grupo Municipal Movemento Veciñal Neda – MOVENEDA do Concello de Neda, ao abeiro do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais e art. 20.1 do R.D. 500/1990 ante o Pleno da Corporación de Neda e como mellor proceda **DIN:***

Que ó amparo da lexislación vixente e, dentro do prazo legalmente establecido, presentan RECLAMACIÓN CONTRA A APROBACIÓN INICIAL DA

*BASE 56 DAS BASES DE EXECUCIÓN DO PRESUPOSTO DE 2015 DO CONCELLO DE NEDA con fundamento nas seguintes **ALEGACIÓNS**:*

1. *Na sesión extraordinaria do Pleno do Concello de Neda levada a cabo ó día 2 de xullo de 2015 procedeuse á aprobación da modificación da base 56 das bases de execución do presuposto 2015 con 7 votos a favor dos grupos municipais do PSOE e Mixto, 2 en contra do grupo municipal MOVENEDA e 4 abstencións do grupo municipal do PP (segundo consta na acta da sesión).*
2. *Segundo o art. 12.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (en adiante ROF) “os membros das corporacións locais teñen o dereito e o deber de asistir ás sesións do Pleno e de aqueles órganos corporativos dos que formen parte, salvo xusta causa que llo impida”, polo que se deduce que están obrigados a asistir ás sesións dos mesmos.*
3. *Que segundo o punto CUARTO do informe de data 17 de xuño de 2015 asinado polo Secretario e Interventora municipais establecen as seguintes consideracións:*

“Polo que atingue ás indemnizacións por asistencia ós órganos colexiados aluden os arts. 75.3 da Lei de Bases de Réxime Local (en adiante LBRL) e 13.6 do ROF que limitan o cobro das indemnizacións por asistencia a órganos colexiados aos membros da Corporación que non teñan adicación exclusiva ou parcial e que ademais cumpran as premisas de:

 - a. *Que se dea a concorrencia efectiva do membro corporativo (que non sexa retribuído por adicación exclusiva ou parcial).*
 - b. *Que sexan unhas indemnizacións ocasionais, que non poden converterse en retribución permanente”.*

Con estas premisas citadas e o calendario fixado para a distribución das sesións dos distintos órganos colexiados do Concello de Neda, na que se establece a periodicidade bimensual dos plenos, a periodicidade semanal das Comisións de Coordinación dos Delegados de Área e a frecuencia mensual das Comisións Informativas pódese deducir que estas indemnizacións por asistencias deixan de ter o carácter de ocasionais para converterse nunhas retribucións permanentes.
4. *Que o importe da indemnización por asistencia de cada concelleir@ integrante das comisións informativas sofre un incremento do 60% pasando de 29,10 € a 46,50 €, equiparándose coas do Alcalde “por un erro”, segundo recoñeceu o Sr. Alvariño, tal e como figura recollido na acta da sesión; o que produce un aumento no gasto desta partida duns 4700 € anuais .*
5. *Que todas estas indemnizacións por asistencias dos membros dos órganos colexiados supoñen un montante económico para as arcas municipais ó redor dos 102.000 € anuais, e que na situación económica actual do Concello, cunha débeda que ronda os 820.000€, segundo os datos facilitados pola Intervención Municipal no pleno extraordinario de maio de 2015 no que se aprobou a Conta Xeral de 2014, e no contexto de crise*

económica no que nos atopamos, o Grupo municipal MOVENEDA considera que se trata dun gasto desmesurado.

*Por todo isto, os integrantes do **Grupo Municipal Movemento Veciñal Neda – MOVENEDA**, solicitan sexa admitido o presente escrito en forma e prazo e sirva como **RECLAMACIÓN** a fin de que o Pleno se pronuncie sobre as propostas que a continuación figuran:*

- 1. Que se proceda á anulación desta base nº 56 das bases de execución do presuposto 2015 por considerar que non se axusta a dereito - en canto deixan de ser unhas indemnizacións ocasionais pasando a converterse nunhas retribucións permanentes - e se pase a un sistema de indemnizacións polos gastos soportados e/ou perdas salariais ocasionadas (debidamente xustificadas) pola asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte cun cálculo en base ó prezo de 15€/hora.*
- 2. Que no caso da non anulación da mesma se proceda a unha rebaixa efectiva das indemnizacións dos integrantes dos órganos colexiados nun 50% con respecto á proposta da Alcaldía de data 17 de xuño de 2015.*

Que de non ser admitidas ningunha das dúas anteriores propostas se corrixa o aumento da contía que retribúe ós concelleir@s pola asistencia ás comisións informativas das que formen parte deixándoa no importe anterior de 29,10€”.

A vista do mesmo, a Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en sesión ordinaria de data 14 de setembro de 2015, acordou elevar o asunto ao Pleno da Corporación, para a adopción por este órgano colexiado da resolución que proceda.

Seguidamente ábrese **DEBATE**: Sra. Iglesias Basanta: Presentamos esta reclamación xa que o 2 de xullo aprobouse a modificación da base 56, negámonos daquela e seguimos facéndoo agora, en base a tres puntos que explican a nosa postura:

1- Cando saes elixido membro da Corporación local tes o deber e o dereito de asistir ós plenos e ós órganos corporativos dos que formes parte, xa estás obrigado a asistir.

Todo o mundo sabe das obrigas.

2-Nesta Corporación non temos adicación exclusiva, nin parciais; polo tanto as indemnizacións que percibimos deben ser ocasionais.

Ocasionais: como ben indica a palabra; isto non se cumpre xa que se fixa periodicidades en todo; de plenos de comisións informativas, de coordinación de delegados....

3-No anterior goberno, a anterior Corporación, ó cal se criticaba polos cobros elevados, resulta que nas comisións informativas cobrábase 29,10 € e agora aumenta a 46,50, dixerase que fora un erro

Sempre se nos di que o concello economicamente está ben, pero a situación da comarca está mal, e iso sabémolo todos. Entón estes serán uns bos motivos para reducir gastos

Con estes cartos que se aforran , por poucos que seían, destinalos a melloras para Neda, para facela máis atractiva e intentar atraer a máis poboación, por exemplo ou o que seía.

Propoñémoslles que cobren en función do tempo que están aquí; a 15€/hora

Sra. Pena Barcia: actuando en su calidad de portavoz del grupo socialista del Ayuntamiento de Neda, formulo respecto a la reclamación formulada por los concejales integrantes del grupo municipal Moveneda las siguientes

ALEGACIONES

PRIMERA- en relación a la alegación segunda, evidentemente los miembros de las corporaciones tienen el deber de asistir a las sesiones del pleno o de los órganos corporativos, salvo justa causa, y teniendo en cuenta que no existen en el presente gobierno dedicación exclusiva ni dedicaciones parciales, cualquier obligación laboral inexcusable de los concejales y del alcalde tiene la consideración de justa causa, máxime en algunos supuestos en los que algunos estamos sometidos a citación judicial. El establecimiento de la periodicidad de los plenos viene establecida por ley y la de las comisiones informativas, viene establecida por el deber de organización de la labor de gobierno, en modo alguno esto supone la transformación de las indemnizaciones por asistencia en retribuciones permanentes, esto es así por imperativo legal (art. 13.6 del Reglamento de Organización , Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales) y por propia definición, se tratan de indemnizaciones condicionadas a la asistencia, en caso de imposibilidad, enfermedad, vacaciones... no se percibe cantidad alguna

SEGUNDA- nos resulta extraño que se recoja el aumento en la partida de asistencia a las comisiones informativas, considerando que supone un aumento de gasto de 4.700 euros y no se recoja las rebajas en el gasto de las otras partidas, teniendo en cuenta que solo por dedicaciones exclusivas y eliminación de secretaria personal supone una reducción del gasto de unos 60.000 euros anuales, amén de la rebaja en las asistencias a pleno y a comisiones de delegados de área, lo que supone un ahorro manifiesto, precisamente ante la situación de crisis que vivimos y que supone un plus de ahorro tal y como prometimos en nuestro programa electoral.

TERCERA- nos oponemos y solicitamos la no aprobación de las propuestas efectuadas por Moveneda, en primer lugar porque en modo alguno se ha conculcado norma legal o reglamentaria alguna, ni se han aprobado en contra de ningún criterio jurisprudencial. Se solicita el paso a un sistema de “ indemnizaciones polos gastos soportados” y eso es exactamente lo que se hace en función de la legislación aplicable, lo que no tiene cabida en derecho ni responde a criterios igualitarios es solicitar que estas indemnizaciones se concreten en base a gastos soportados o perdidas salariales debidamente justificados, porque significaría tanto como que si fuese concejal un profesional, un trabajador o un empresario con alto nivel de ingresos por su trabajo, las indemnizaciones que se les pagarían serían inasumibles o lo que es peor, significaría que un parado no cobraría nada en absoluto, puesto que en modo alguno podría justificar pérdida salarial, lo que supone una medida injusta, insolidaria y en todo punto inasumible, y por otro lado es imposible conjugar la petición de que se pague por gastos y pérdida salariales reales, efectivas y debidamente justificadas con establecer un cálculo en base a 15 euros hora, cifra absolutamente aleatoria y que contradice lo anterior.

No podemos olvidar que el trabajo del grupo de gobierno en modo alguno se limita a las horas destinadas a la asistencia a pleno o comisiones, sino que requiere un trabajo diario, continuo que en algunos casos está suponiendo una dedicación exclusiva, en otros casos parcial y una disposición absoluta que supone muchas horas de trabajo y que se basa no en indemnizaciones sino en vocación de servicio público.

La reclamación efectuada tiene legalmente motivos tasados, no se da en el presente caso la menor vulneración legal, ni se nos dice que precepto se considera infringido, manifestando que los términos de las bases y los criterios indemnizatorios acordados son los que se aplican, en una u otra cuantía en absolutamente todo el territorio español.

Como última consideración, no podemos entender sino con intención electoralista la presente reclamación, toda vez que suponiendo la asistencia a todas las sesiones, el monto indemnizatorio líquido final de un concejal, escasamente supera el SMI, en tanto que Moveneda en su programa o ideario proponía unas indemnizaciones para las que fijaban como límite tres veces el SMI, no podemos entender ni compartir que se tenga una política para gobernar y otra para ejercer oposición, puesto que las indemnizaciones establecidas son la mitad o menos de las que establecería el grupo político Moveneda.

Tratándose de una base de ejecución de presupuesto no solo ajustada a la legalidad, sino al tiempo de crisis que vivimos el grupo municipal socialista se opone a todas y cada una de las propuestas que plantea Moveneda en su reclamación.

Sra. Iglesias Basanta: falamos no noso código ético dun salario, e nós non percibimos unha nómina, e tamén adicamos o noso tempo para facer as tarefas de oposición que temos encomendadas. Consideramos que as indemnizacións poder ser inferiores que as establecidas nesta Base 56ª do orzamento, por exemplo, os 29,10 euros por asistencias ás Comisións Informativas se podían manter.

Sra. Pardo Rodríguez: subscribo o dito por ambas partes. Por unha banda, os orzamentos e a modificación da base 56ª son axustados a dereito, e por outra banda, a oposición tamén traballa e ten que estar retribuída por esa adicación ao Concello. Todo o que facemos os concelleiros/as, chamadas, viaxes, visitas, etc., xera gastos e hai que compensalos. Non se trata de gañar cartos senón de compensar gastos, e que deste xeito calquera poida adicarse ao servizo público, e non soamente as persoas podentes economicamente falando.

O erro dos 29,10 euros no que tanto se insiste, foi un erro tolerado, porque cambialo sería diminuír as compensacións.

Sra. Iglesias Basanta: esas compensacións son necesarias, pero defendemos que sexan menores, e a diferenza se poida aplicar a pequenas cosas de interese para o Concello.

Sr. Cabezón Lorenzo: cada grupo no goberno municipal exerce os seus plantexamentos. O noso grupo municipal non está de acordo coas alegacións formuladas por Moveneda contra a base 56ª do presuposto municipal, pero tamén queremos facer unhas consideracións ao fío do debate que xurde: en primeiro lugar se di dende o goberno municipal que se aforran cartos polas nóminas e seguridade social da secretaria particular de alcaldía e da concellería que tiña dedicación exclusiva, pero o certo é que antes había unha atención diaria e permanente á cidadanía por parte da citada secretaria

de alcaldía, e agora esa atención non a vexo co novo goberno municipal; en segundo lugar, e pese a todos os argumentarios ao respecto o certo é que durante a miña alcaldía se baixou a débeda municipal, por tanto, estas retribucións de persoal non minguaron as arcas públicas, como se pode comprobar nas contas anualmente aprobadas e remitidas aos órganos de fiscalización externa.

Sr. Alcalde: teño que corrixilo nun punto, Sr. Cabezón, xa que si que hai unha atención diaria e permanente por parte da Alcaldía e Concellerías, se ben a maioría dos titulares das delegacións teñen que compaxinala cos seus quefaceres profesionais.

VOTACIÓN: O Pleno en votación ordinaria e por maioría absoluta, non presta aprobación as alegacións presentadas a base 56ª do orzamento, con 11 votos en contra de dita aprobación dos corporativos de PSdG-PSOE, PP e GRUPO MIXTO (BNG e CG), e 2 votos a favor da estimación dos corporativos de MOVENEDA, quedando por tanto desestimadas, e aprobado definitivamente o acordo inicial adoptado na sesión plenaria de 2 de xullo de 2015.

3º.- ESTABLECEMENTO DE DOUS DÍAS FESTIVOS DE CARÁCTER LOCAL NO ANO 2016.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, en sesión ordinaria de data 14 de setembro de 2015 emitiu o seguinte ditame:

“Vista a comunicación efectuada pola Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, en orde á determinación dos dous días festivos locais de carácter retribuído e non recuperable neste Concello para o ano 2016, a Comisión Informativa, previa deliberación, acorda por unanimidade propoñer ao Pleno da Corporación á determinación dos seguintes días festivos:

- Mércores de cinza (10 de febreiro)
- 8 de setembro (Santa María de Neda)”

DEBATE: Sra. Pardo Rodríguez: propoñemos o día 8 de setembro, que resulta indiscutido, e en canto ao mércores de cinza o propoñemos porque tamén se sinala en moitas localidades veciñas, e así unificamos.

Sr. Cabezón Lorenzo: e non hai que olvidar que San Juan é festivo autonómico o vindeiro ano, senón ao mellor a proposta non era a prol do mércores de cinza.

VOTACIÓN: A vista do mesmo, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade presta aprobación á citada proposta nos seus propios termos, acordo do que se dará conta á Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, aos efectos legais pertinentes.

4º.- MOCIÓN DO PSOE, SOBRE “FESTAS POPULARES”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en sesión ordinaria de data 14 de setembro de 2015, acordou elevar ao Pleno da Corporación para o seu debate e votación, a moción que se transcribe literalmente:

*“O Grupo Municipal Socialista do Concello de Neda, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta **MOCIÓN**, en base a seguinte:*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia ten unha forte tradición popular vinculada ás festas populares que cada ano se celebran vinculadas ás parroquias. Non obstante cabe destacar que a pesar de haber en Galicia 314 concellos, estes divídense á súa en 3.792 sedes eclesiásticas que conforman as denominadas parroquias.

Tan arraigada está a tradición da “festa galega” que en case todas estas parroquias, polo menos unha vez o ano, se celebra unha festividade anual que contén sempre unha actuación musical en directo. É por isto que o número de verbenas en Galicia é superior a 3.000 por ano acadando a cifra de 12.000 actuacións musicais vinculadas a estas celebracións, o que deu lugar a unha industria musical propia e enmarcada dentro deste conglomerado lúdico, festivo e singular que “move máis recursos e xera máis emprego que todas as actividades musicais que se desenvolven hoxe en Galicia”.

O xeito de organizar e sufragar estas festas responde, en máis do 90 % dos casos, á promoción, xestión e financiamento por parte dos veciños das respectivas parroquias, que se organizan en comisión de festas, asociación de veciños, etc. Este é un factor diferencial de organización das festas en Galicia con respecto ao resto de España, xa que fóra da nosa comunidade as festas son organizadas por organismos públicos e non directamente polos veciños.

É por isto que estamos asistindo a unha mobilización masiva do sector que manifesta unha fonda preocupación pola pervivencia desta actividade económica: dende as propias orquestras, os músicos e os promotores, que piden que se leve a cabo unha regulación do dito sector por parte da Administración, que teña en conta as especificidades de Galicia e que non poña en perigo un sector que factura uns 60 millóns de euros e emprega a máis de 7.000 persoas relacionadas co sector do espectáculo. Ademais do impacto que estas celebracións teñen a nivel social e tamén noutros sectores como son o turismo e a hostalería.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Neda presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal o seguinte ACORDO:

O Pleno do Concello de Neda insta ó Goberno galego para que se dirixa ó Goberno de España, previo diálogo co sector citado, en demanda dunha regulación fiscal que atenda as súas peculiaridades e dunha revisión da lexislación de espectáculos e das

licenzas de actividades correspondentes, hoxe fortemente restritivas da actividade das orquestras e das festas populares.””

DEBATE: Sr. Pita Galego: se está falando dunha regulación autonómica, verdade?

Sr. Alcalde: sí.

Sr. Cabezón Lorenzo: estamos totalmente de acordo coa moción, se ben temos que engadir que nos consta que a Xunta de Galicia xa está traballando en elo, en contacto co sector. De todos modos, pasando do ámbito lexislativo xeral ao plano particular do noso Concello, non podemos rebaixar os requisitos de seguridade, como pasou na nosa patrona deste ano, que se fixo máis barata pero con menos seguridade, e así cando a procesión saíu a estrada, nos encontramos cun concelleiro cortando o tráfico, en lugar de estar efectivos de protección civil ou da policía local; son unhas pequenas horas extras que hai que pagar pero se gaña en seguridade.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade presta aprobación á transcrita moción.

5º.- MOCIÓN DO PP PARA A DEFENSA DO ESTADO DE DEREITO E A COHESIÓN DE ESPAÑA.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en sesión ordinaria de data 14 de setembro de 2015, acordou elevar ao Pleno da Corporación para o seu debate e votación, a moción que se transcribe literalmente:

“EL GRUPO MUNICIPAL POPULAR DEL AYUNTAMIENTO DE NEDA, conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, desea elevar al Pleno del Ayuntamiento la siguiente Moción:

MOCIÓN PARA LA DEFENSA DEL ESTADO DE DERECHO Y LA COHESIÓN DE ESPAÑA

España es una gran Nación. Una Nación con una historia muy rica en aportaciones de todo orden a la historia universal. Una Nación llena de singularidades, de pluralidades, forjada a lo largo de los siglos.

España es un Estado Democrático, un Estado Social, un Estado de Derecho. Decir hoy Constitución es decir España y decir España es decir Constitución.

España es hoy una gran nación porque está integrada por un conjunto de hombres y mujeres libres e iguales en derechos y obligaciones en cualquier parte del territorio nacional.

Es una gran Nación porque está a la altura de su tiempo, una nación moderna, desarrollada, integrada en Europa y con presencia y liderazgo en todas las organizaciones internacionales de relevancia.

Es una gran nación porque respeta la pluralidad y singularidad de los territorios que la conforman y basa en ese respeto y en esa riqueza el fundamento de su indisoluble unidad.

Es una gran Nación porque ha sabido transformar viejos enfrentamientos en pautas de concordia y convivencia.

Es una gran Nación porque sabe superar con cohesión las dificultades económicas y sociales.

Es una gran Nación porque la sociedad española hace de la solidaridad su mayor virtud.

Es una gran Nación porque es de todos los españoles, vivan donde vivan, y es de todas las tradiciones y de todas las sensibilidades.

En definitiva, declaramos que los españoles de cualquier parte del territorio nacional tenemos derecho a seguir siendo españoles, libres, iguales, con obligaciones y derechos fundamentales garantizados por la Constitución.

Por todo ello, el Grupo Municipal Popular de Neda eleva al Pleno del Ayuntamiento esta MOCIÓN PARA LA DEFENSA DEL ESTADO DE DERECHO Y DE LA COHESIÓN DE ESPAÑA e:

Instamos a todos los poderes públicos, administraciones públicas y sociedad civil:

1.- a poner en valor la cohesión y la unidad de España.

2.- a respetar los derechos y libertades fundamentales de todos los ciudadanos, y a que éstos se desarrollen garantizando la convivencia y la concordia entre todos los españoles.

3.- a poner en valor la fortaleza democrática de nuestras instituciones.

4.- a la puesta en valor y defensa de nuestra soberanía nacional, que no es ni vulnerable ni fraccionable.

5.- E instamos a todos ellos, a todas las Instituciones y a la sociedad española a la defensa y puesta en valor de nuestro Estado de Derecho, de nuestros principios y valores constitucionales, de nuestro sistema de libertades.””

DEBATE: Sra. Pena Barcia: Por parte del grupo socialista nos oponemos a la aprobación de la moción propuesta por el PP en sus propios términos, manifestamos que en cualquier caso ha de respetarse la legalidad vigente, eso es el estado de derecho, sin que ello implique la imposibilidad de afrontar una reforma constitucional con la que iniciar un proceso de regeneración de nuestro sistema político e institucional, un nuevo modelo de convivencia, en la que se reconozcan las singularidades, incluida la catalana, pudiendo pasar por la configuración de España como un estado federal, desde el grupo socialista nos mostramos contrarios al independentismo, pero también al inmovilismo que propugna el PP, la solución pasa por el diálogo y por la ejecución de las reformas constitucionales que sean oportunas, reiterando que suscribimos el pleno sometimiento a la normativa vigente.

Quiero hacer una breve consideración al hecho de que en la moción presentada por los populares de Neda, en el escrito concreto, se hace uso del logo del Concello de Neda,

instamos al PP a que se abstenga en sus escritos de hacer uso de un logotipo propiedad exclusiva del Concello y que sólo representa al Concello, entendiendo que absolutamente ningún partido político puede hacer uso del mismo, quedando su uso reservado a los escritos, carteles... del Concello.

Sra. Rico López: ese logo non está rexistrado a nome do Concello, e polo tanto entendemos que sí podemos utilizalo.

Sra. Pena Barcia: a pregunta entón é a seguinte, quén o encargou?

Sra. Rico López: o Concello.

Sra. Pena Barcia: por tanto, ao marxe do tema administrativo, é do Concello.

Sr. Cabezón Lorenzo: despois de escoitar os argumentos da portavoz do grupo municipal do PSOE, so podo dicir que este partido perdeu o seu apelido de “español” xa fai moito tempo. Para reformar a Constitución Española é precisa unha ampla maioría de votos nas Cortes Xerais ademais do correspondente referéndum; calquera outros ensaios que se pretenden facer por exemplo dende Cataluña, son contrarios a nosa Constitución.

Ante a situación que se ten plantexado co movemento independentista na Comunidade Autónoma de Cataluña pensamos que é necesario transmitir e deixar claro cales son os valores que fixeron de España o que é hoxe e por iso solicitamos o voto a favor da presente moción.

Sra. Pena Barcia: pódese cambiar a Constitución Española polos cauces legais.

Sra. Iglesias Basanta: Moveneda é dende que naceu un conxunto de veciños, unha agrupación veciñal, e con base en elo, non imos apoiar esta moción, xa que defendemos que os cidadáns poidan votar o que queiran decidir.

Sra. Pardo Rodríguez: votaremos en contra. A exposición de motivos, primeiro paragrafo, habería que discutilo moito. O segundo paragrafo, o di a Constitución. E en canto ao resto da moción, o seu contido é moi poético, pero non é certo (Nación moderna, desenvolvida, etc.). Solo basta ver o resto de mocións que traemos hoxe ao Pleno para debate e votación: pobreza enerxética, migrantes en Europa, cobertura universal do sistema nacional de saúde, etc. para comprobar que o que se di na moción non responde á realidade.

Sr. Cabezón Lorenzo: paréceme moi ben o seu discurso nacionalista, Sra. Pardo, pero o certo é que cando a Vicepresidencia da Xunta de Galicia estaba en poder do BNG, o seu titular non se preocupou demasiado por estes temas que agora apunta a portavoz do grupo mixto e concelleira do BNG.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, non presta aprobación á transcrita moción, con 9 votos en contra da súa aprobación dos corporativos de PSDG-PSOE, MOVENEDA e GRUPO MIXTO (BNG e CG), e 4 votos a favor da súa aprobación dos corporativos do PP.

6º.- **MOCIÓN CONXUNTA DE MOVENEDA E GRUPO MIXTO, REFERENTE Ó ESCRITO PRESENTADO POLA CIG, DE MEDIDAS PARA GARANTIR A ENERXÍA COMO SERVIZO PÚBLICO.**

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en sesión ordinaria de data 14 de setembro de 2015, acordou elevar ao Pleno da Corporación para o seu debate e votación, a moción que se transcribe literalmente:

*“A CIG ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte **moción**, para o seu debate en pleno, sobre proposición de lei, por iniciativa lexislativa popular, de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética. A central sindical Confederación Intersindical Galega (CIG) está a impulsar unha proposición de lei, por iniciativa lexislativa popular, que na súa exposición de motivos e articulado sinala o seguinte:*

Exposición de motivos

O sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico, polo que representa no seu produto interior bruto e por ser un factor relevante para a produción industrial. A pesar desa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endóxico dos seus recursos enerxéticos.

Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade. Dese xeito, desempeñou un papel de subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico e nos xacementos de carbón, acrecentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e tamén coa construción de dous ciclos combinados de gas natural.

Porén, e a pesar de que a xeración eléctrica leva aparelados uns moi importantes custos sociais e medioambientais, Galiza non tirou proveito desta actividade económica. Ao contrario, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado español e ás decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio a través dos seus centros de decisión afastados de Galiza, nunca recibiu vantaxes do aproveitamento dos seus recursos, e mesmo sofre en amplas zonas do país unha deficiente calidade da subministración eléctrica.

No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifa única, prexudicial para Galiza ao tratar por igual os consumidores dos diferentes territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. Cabe salientar que as tarifas eléctricas no Estado español son as terceiras máis caras para o consumo doméstico e as oitavas para o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre trinta estados europeos.

E posíbel a concreción dunha tarifa máis baixa, para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e para posibilitar o seu crecemento industrial. Así, nesta Lei, no capítulo I, concrétese o desenvolvemento dunha política enerxética, baseada no papel protagonista da Administración galega, na necesidade para o país de dotármonos dunha tarifa eléctrica específica, fundamentada na nosa condición excedentaria na produción eléctrica, da análise das perdas no transporte e distribución, así como das diferentes peaxes do sistema que atenden ás singularidades de determinados territorios: extrapeninsulares, comarcas do carbón español, comunidades que son moi deficitarias na xeración eléctrica, etc. Por iso, concretamos que para Galiza a tarifa debería recoller unha bonificación dun 30% nas peaxes. A Lei pretende tamén impulsar o crecemento das

enerxías renovábeis, as medidas de aforro e eficiencia enerxética e a inclusión de Galiza no actual Plano Estatal do Carbón. Por último, propónse a creación dunha tarifa industrial estábel e predicíbel que favoreza a localización e o desenvolvemento industrial. O sector empresarial galego, e nomeadamente a súa industria, precisa gañar competitividade pola vía da correcta xestión dos seus custos. Na actualidade, os custos enerxéticos representan a segunda categoría de custo máis importante despois dos correspondentes ao persoal. En 2012, o prezo da electricidade para clientes industriais era no conxunto do Estado español un 10% superior ao custo medio da Unión Europea. Obviamente, compre avanzarmos nas políticas orientadas a conseguir maiores graos de

eficiencia enerxética para reducir a intensidade enerxética. Porén, tamén é necesario que se actúe de maneira decidida sobre os custos enerxéticos que teñen que soportar as empresas no desenvolvemento da súa actividade. Neste sentido, Galiza acolle no seu territorio factorías que desenvolven procesos produtivos intensivos no uso de enerxía (aluminio, aliaxes de ferro, etc.). Por tal motivo, a continuidade destas actividades –coa conservación do emprego e a xeración de riqueza vinculado a elas– está estreitamente vencellada a dispoñer de electricidade a uns presos que respondan á realidade dos custos relativos á súa produción, transporte e distribución. Desta medida veríanse beneficiadas non só esas factorías de referencia, senón o conxunto dos sectores produtivos galegos, que lograrían un abaratamento evidente da súa factura enerxética incrementando así a súa competitividade. Sen a lousa dunha estrutura de prezos eléctricos artificialmente agrandada por uns cálculos de custos de transporte e distribución realizados cunha lóxica de Estado, mais que non corresponden á realidade do noso país, incrementaríase o atractivo de Galiza como territorio para a implantación empresarial.

Dado que o obxectivo do sistema eléctrico é fornecer electricidade con maior nivel de calidade, ao menor custo posíbel e con respecto ás cuestións ambientais, parece evidente que se necesita de maneira inadiábel que a través dos mecanismos gubernativos oportunos se garanta que un territorio como o galego, que conta cunha grande capacidade de transformación de enerxía primaria en enerxía apta para o consumo, dispoña dun prezo da electricidade que constitúa unha vantaxe competitiva para as empresas que nel están localizadas. Os custos de transporte e distribución desde as instalacións de produción localizadas en territorio galego até os centros de consumo industrial en Galiza deberían ser inferiores aos que se recollen na actual estrutura de peaxes e cargas que está vixente para todo o Estado, dada a proximidade espacial entre unhas e outros. Adaptar estes conceptos regulados á singularidade propia de Galiza permitiría explotar unha vantaxe comparativa do noso país para xerar riqueza e emprego a través da produción industrial.

O capítulo II desta Lei recolle unha concepción da enerxía como un dereito universal de todas as persoas. Para tal fin, concrétese a definición da pobreza enerxética e articúlanse varias medidas para a defensa das persoas consumidoras en situación de pobreza enerxética, ao ser un problema de cada vez maior importancia na sociedade galega. Moitas persoas e familias non poden pagar as facturas do subministro enerxético, eléctrico e de gas, especialmente durante os meses de inverno nos cales, polas condicións climatolóxicas, o seu consumo é imprescindible. Segundo datos recentes en Galiza, cerca de 187.000 persoas, o 18% do total da poboación, teñen dificultades para aboaren as súas facturas enerxéticas (gas, auga, electricidade, calefacción, etc.), situación que resulta intolerábel nunha sociedade socialmente avanzada.

Capítulo I. Medidas para garantir a enerxía como servizo público para o desenvolvemento económico e industrial de Galiza.

Artigo 1. Política enerxética.

A Xunta de Galiza porá en práctica no ámbito das súas competencias e promoverá e defenderá nos órganos de cooperación entre o Estado e as Comunidades Autónomas medidas encamiñadas a:

- a) A participación da Xunta de Galiza directamente, ou a través de empresas mixtas, para o aproveitamento público de todos recursos enerxéticos, así como de todas as instalacións de produción, distribución e transporte existentes en Galiza.
- b) A implantación dunha tarifa eléctrica máis baixa para Galiza, partindo dunha redución do 30% das peaxes do sistema eléctrico.
- c) A diversificación das fontes de enerxía e recuperación das primas para permitir o desenvolvemento das enerxías renovábeis.
- d) A aprobación dun plano de medidas para o fomento do aforro e de eficiencia no consumo enerxético.
- e) A esixencia da inclusión da Galiza no actual Plano Estatal do Carbón.
- f) A creación dunha tarifa industrial estábel, con variacións predicíbeis, á que se podan acoller os grandes consumidores baixo o cumprimento dunha serie de requisitos de consumo, potencia contratada e dispoñibilidade de interrupción do subministro se for preciso para a xestión do sistema eléctrico.

Capítulo II. A enerxía como dereito universal de todas as persoas ao benestar social.

Artigo 2. Concepto de pobreza enerxética.

Unha unidade de convivencia está en situación de pobreza enerxética cando ten que destinar máis do 10% dos seus ingresos para satisfacer as súas necesidades enerxéticas (gas e electricidade) da súa vivenda. Para o cálculo anterior, consideraranse os gastos teóricos de enerxía para manter a temperatura da vivenda entre 18°C e 21°C.

Artigo 3. Medidas para erradicar a pobreza enerxética.

1. A Xunta de Galiza asumirá o custo das facturas de gas e electricidade das persoas consumidoras vulnerábeis en risco de pobreza enerxética.
2. Para os efectos de dar cumprimento ao anterior, as persoas que se encontren en situación de pobreza enerxética, nos termos do artigo 2 desta Lei, poderán solicitar da Administración, ao recibiren o aviso de interrupción do subministro de electricidade ou gas, que se faga cargo das súas facturas de gas e electricidade.
3. Para demostrar a situación de pobreza enerxética, os interesados deberán achegar coa súa solicitude un informe dos servizos sociais sobre a situación da unidade de convivencia. Este informe, que as administracións públicas competentes deberán emitir no prazo máximo de quince días desde que sexa requirido, acreditará o cumprimento dos requisitos do artigo 2 desta Lei cunha vixencia de seis meses, sen prexuízo da súa renovación.
4. A Xunta de Galiza acordará coas empresas subministradoras dos servizos básicos de electricidade e gas os mecanismos de intercambio de información e de presos sociais, co obxectivo de mellorar a prevención e a planificación das actuacións públicas.
5. A Xunta de Galiza acordará coas empresas subministradoras os mecanismos de información necesarios para que poñan en coñecemento dos servizos sociais e das persoas usuarias a información existente e actualizada sobre as tarifas sociais e as axudas e medidas previstas para frear a pobreza enerxética.

Por todos estes motivos, a CIG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

Acordo

Primeiro.-Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética que se está a impulsar por iniciativa lexislativa popular a Confederación Intersindical Galega e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.

Segundo.-Animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta iniciativa lexislativa popular.””

DEBATE: Sra. Iglesias Basanta: Como é sabido, en Galicia o sector enerxético especializouse na xeración de electricidade, suministrando de enerxía (hidroeléctrica, carbón, eólica, ou biomasa), para o resto do estado español. Por elo Galicia paga un custo social e medioambiental sen percibir nada a cambio.

Non sacamos proveito de todo isto, polo contrario non recibimos ningunha vantaxes, en España temos as terceiras tarifas máis caras para consumo doméstico e as oitavas para o industrial.

Solicítase unha tarifa específica máis baixa debido a;

-excedencia na produción

-perdas no transporte e distribución

-distintas peaxes como: extrapeninsulares, comarcas do carbón, comunidades moi deficitarias na xeración eléctrica....

En Galicia deberían bonificar cun 30% na peaxes, e tamén impulsar o crecemento de enerxías renovables, medidas de aforro e eficiencia enerxética, e incluír a Galicia no Plano estatal do Carbón.

Coa industria que temos crear unha tarifa industrial estable e predecible para que seña competitiva

Non esquecer que por lei a enerxía é un dereito universal de tódalas persoas. Existen moitas familias que non poden pagar a o suministro enerxético ou do gas, e isto non se pode permitir.

Se propoñen unhas medidas para garantir a enerxía como servizo público para o desenvolvemento económico e industrial de Galicia

Moveneda apoia esta proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza.

Sra. Pardo Rodríguez: totalmente de acordo, e por iso apoiamos a moción.

Sra. Pena Barcia: Por parte del grupo socialista se vota favorablemente a la aprobación de la moción, desde el gobierno, desde el área de servicios sociales se viene luchando contra la pobreza energética mediante el pago de recibos de familias en situación de necesidad, es un compromiso electoral de mi partido la lucha contra esta pobreza, lamentable en cualquier caso, pero inasumible cuando afecte a familias en las que hay niños o ancianos, es nuestra lucha, en la medida de las posibilidades del Concello, por ello no podemos sino dar nuestro apoyo a la moción propuesta.

Sr. Cabezón Lorenzo: Votamos en contra por diversas razóns:

- En primeiro lugar vemos que estes grupos actúan en representación de la CIG, naturalmente...teñen dous representantes aquí sentados, deben ser coñecedores de que no son os plenos dos Concellos senón os cidadáns os que deben adherirse e apoiar una

iniciativa legislativa entón será a cámara Galega o ámbito onde, no seu caso, se debaterá e decidirá sobre esta proposición de Lei.

- En canto ao contido da mesma hai que dicir que

1°. É certo que Galicia é una gran potencia produtora, e de feito xa ten una serie de beneficios : cuantiosos investimentos, 30.000 empregos directos e indirectos, su actividade supón un 5% do PIB galego, instrumentos como el canón eólico, hidráulico ou a eco taxa que repercuten en Galicia moi positivamente e pago de impostos municipais polas instalación eléctricas(centrais, embalses, presas, ou parques eólicos).

2°.-A súa e unha proposta con unha argumentación simplista que non ten en conta que, para producir esa enerxía se consumen grandes cantidades de enerxía primaria, que non ten en conta que os custes por transporte e distribución eléctrica na nosa comunidade son mais altos que noutras CC.AA., que os galegos, e o conxunto dos españois, hemos pagado a través das facturas eléctricas as famosas “primas” que nos permitiron ser unha potencia en renovables e por último no teñen vostedes en conta que o prezo dun produto non ten que ver co lugar de produción, senón co seu mercado (véase como exemplo Inditex o Citroën). E quero dicir tamén que estes argumentos `poñen en evidencia la falta de solidaridade interterritorial do BNG, que sen dúbida esquece os cuantiosos recursos que Galicia recibiu nas últimas décadas ao abeiro da solidaridade europea a través dos Fondos estruturais e doutras CC.AA. a través do Fondo de Compensación Territorial (aínda que sempre nos pareza pouco)

Coma sempre, a tese nacionalista e illar a Galicia e pola contra nos defendemos reforzar as unións, colaborar e conseguir que todas as partes se beneficien das sinerxías desta colaboración, de feito se está a traballar para integrar a España e polo tanto a Galicia nun mercado europeo único de electricidade con mellora do suministro e unha maior competitividade.

3°.- O prezo da enerxía débese a que os gobernos socialistas presididos por o Sr. Rodríguez Zapatero, (por certo que co apoio do BNG),estimaron que o crecemento do PIB entre 2005 y 2013 ía a crecer un 25% e en realidade creceu ao 2%; estimou que a demanda de electricidade ía crecer por enriba dun 24% e non solo non creceu senón que baixou a niveis de 2007 e tamén pensaron que as primas a renovables ían favorecer a varias CC.AA. afines (coa enerxía fotovoltaica e termosolar). Todo isto non fixo mais que crear unas infraestruturas eléctricas que hai que pagar.

4°.- Todo isto estase a corrixir nesta lexislatura cunha nova planificación e se ben e verdade que todo e mellorable hai que dicir que mentres gobernou o PSOE factura eléctrica subiu máis un 60% mentres que, e agora cando a comezado a reducirse grazas as medidas postas en marcha coa reforma enerxética. Con esta reforma se ha posto fin ao déficit de tarifa, se devolveu diñeiro aos consumidores na factura eléctrica e foi o Goberno do PP o que puxo impostos as compañías eléctricas poñendo un canon pola utilización dos ríos e un imposto sobre o almacenamento dos residuos.

5°.- Na Lei do Sector eléctrico séguese mantendo o bono social e a Xunta de Galicia ten xa de feito medidas para estes supostos

Dende o 1 de xullo está aberto o novo prazo de presentación para solicitar o ticket eléctrico social para facer fronte as facturas da luz correspondentes ao primeiro semestre de 2015 e esta dirixido ás familias galegas con fillos menores de idade ao seu cargo e cuxos ingresos non superen en 1,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples o IPREM.

A medida súmase aos beneficios do bono social do Goberno central o que vai permitir xerar de modo conxunto aforros de ata un 50% no recibo eléctrico, con axudas de 180 euros para as familias con dous ou menos fillos/as e 300 euros no caso de familias numerosas.

O Ticket eléctrico social ten beneficiado, no segundo semestre de 2014, a 1.300 familias o que supón triplicar o número de fogares beneficiados na anterior convocatoria e o 30% dos beneficiados nesta convocatoria foron familias numerosas.

A convocatoria de 2015 mellora as súas prestacións pasando de 90 a 180 euros anuais para as familias con dous o menos fillos ao seu cargo; e de 120 a 300 euros no caso das familias numerosas. Ademais, a convocatoria será compatible coa percepción da RISGA, incrementando os potenciais beneficiarios ata os 40.000 fogares. E de feito, a Consellería de Economía e Industria incrementa un 25% o orzamento sumando 1,5 millóns.

Así mesmo, e co fin de facilitar a solicitude do ticket, que será por vía telemática, simplificáronse os trámites administrativos e refórzanse as vías de tramitación para que sexa máis áxil e sinxelo o seu requirimento.

E para rematar: No eido da defensa ao consumidor, mentres o bipartito abriu só 9 expedientes sancionadores ás eléctricas por 97.000 euros, o Goberno actual do PP abriu 1.097 expedientes por preto de 11,3 millóns.

Deste xeito, podemos demostrar que o Goberno galego está a protexer aos consumidores máis vulnerables, para facer fronte ao pagamento da enerxía coa que cubrir as súas principais necesidades.

E trasladando esta cuestión ao noso Concello ninguén ha quedado desatendido neste sentido cando ha pedido axuda nin cando gobernou o PP nin espero que agora.

Noso voto repito vai ser en contra.

Sra. Iglesias Basanta: as queixas que veñen realizando dun tempo a esta parte Alcoa, Megasa e outras empresas, ratifican o que expón esta moción. A factura da luz segue subindo, e debe lembrarse que no goberno do Estado está o PP.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á transcrita moción, con 9 votos a favor dos corporativos do PSdG-PSOE, MOVENEDA e GRUPO MIXTO (BNG e CG), e 4 votos en contra dos corporativos do PP.

7º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE, RELATIVA Á COBERTURA UNIVERSAL DO SISTEMA NACIONAL DE SAÚDE.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en sesión ordinaria de data 14 de setembro de 2015, acordou elevar ao Pleno da Corporación para o seu debate e votación, a moción que se transcribe literalmente:

*“O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE de Neda en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en Pleno.*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real decreto - lei 16/2012, do 20 de abril do Goberno do PP, entre outras disposicións, modificou o artigo 12 da Lei 4/2000 de estranxeiría suprimindo o acceso ao Sistema Nacional de Saúde en igualdade de condicións cos españois para os inmigrantes empadroados, limitando a súa atención aos supostos de emerxencia, embarazo parto e postparto, e menores de 18 anos.

Esta norma foi frontalmente contestada por partidos políticos da oposición e por sectores moi amplos e diversos da sociedade española (organizacions de dereitos humanos, humanitarias e de cooperación, sociedades profesionais e científico - médicas, sindicatos, gobernos autonómicos, etc.) por negar o dereito humano á saúde e ao acceso aos servizos sanitarios, por ser lesiva para a saúde pública xeral, por inhumana e inxusta, por improvisada, etc., pero tamén por falta de rigor nos supostos de abusos e aforro cos que o Goberno do PP pretendeu xustificala.

Os Socialistas temos manifestado sempre con toda claridade e contundencia o noso absoluto desacordo cun real decreto lei que veu modificar o modelo de sanidade pública que ata agora tiñamos, pois o que para nós sempre foi un DEREITO ligado a condición de cidadán co decreto do PP transformábase nun SERVIZO reservado só para as persoas aseguradas.

Así, nas comunidades autónomas gobernadas polo PSOE (Andalucía e Asturias, xunto con País Vasco e, Navarra encontraron formas de dar atención ós inmigrantes ante a hostilidade do Goberno de Rajoy, que obstaculizou estas medidas chegando a recorrelas, sen éxito, nos tribunais.

As eleccións do 24 de maio pasado cambiaron radicalmente a paisaxe política das comunidades autónomas, desaloxando delas moitos gobernos do PP e levando ao PSOE aos gobernos de Aragón, Baleares, Cantabria, Castela- A Mancha, Extremadura, Comunidade Valenciana e Canarias. Estes gobernos, consecuentes cos valores socialistas, apresuráronse a dar atención sanitaria aos inmigrantes dos seus territorios excluídos polo Real decreto lei 16/2012.

Ante esas medidas o PP a través do Goberno central reacciona disparatada, precipitada e descoordinadamente, ameazando primeiro ás comunidades autónomas cunhas fantasiosas sancións da UE, para logo contradicirse e facer a enésima proposta preelectoral para solucionar o problema. Pois xa leva o PP feito toda unha serie de propostas absurdas, a maioría electoralistas, por tratar non de solucionar o problema creado por eles, senón para tratar de recuperar os votos perdidos cunha medida tan antisocial.

Primeiro encargaron ás ONGs a atención destes colectivos; despois faláron de facturar a atención aos países de orixe dos inmigrantes; mais tarde dixeron que os inmigrantes ilegais subscribiran un seguro (“convenio especial de prestación de asistencia sanitaria a persoas que no teñan a condición de aseguradas ni de beneficiarias do Sistema Nacional de Saúde e se modifica o Real decreto 1192/2012”), aprobado no Real Decreto 576/2013, o que resultou un fracaso sen paliativos, como era de esperar;

e así ata chegar as eleccións de maio 2015, que, como primeira promesa preelectoral, se comprometeron a habilitar o acceso á Atención Primaria, xusto antes das eleccións autonómicas.

Agora, antes das eleccións xerais, fan a segunda promesa preelectoral: a creación dun rexistro nacional de inmigrantes sen papeis, iniciativa/ocorrência do Ministerio de Sanidade, absolutamente disparatada, tal e como temos denunciado os socialistas, as organizacións humanitarias, as profesionais e as sanitarias.

A única alternativa posible e seria para solucionar á situación creada polo Real decreto lei 16/2012 do Goberno PP é solo a súa DERROGACIÓN e SUBSTITUCIÓN por outra lei que reconeza “a cobertura sanitaria universal como dereito constitucional de cidadanía e/ou residencia, en igualdade de condicións para todos”.

Está moi claro que a iniciativa última do Ministro de Sanidade do Goberno PP é disparatada por ser contradictoria nos seus termos (¿rexistro nacional de sen papeis?) e pola súa imposible implementación práctica.

O PSOE dende os gobernos das comunidades autónomas, Parlamentos autonómicos, e concellos defenderemos unha sanidade universal, pública e de calidade, esixindo ao Goberno seriedade, rigor e coherencia en materia sanitaria.

*Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista de Neda propón ó Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:*

O Concello de Neda insta ao Goberno do Estado a que, de forma inmediata, derogue o Real decreto lei 16/2012 e o substitúa por outra lei que reconeza a cobertura sanitaria universal do Sistema Nacional de Saúde como dereito constitucional de cidadanía e/ou residencia, en igualdade de condicións para todas as persoas.””

DEBATE: Sra. Pena Barcia: Es una ley no sólo insolidaria, sino contraria a la norma suprema de nuestro ordenamiento jurídico, el art. 43 de la Constitución reconoce expresamente el derecho a la protección de la salud y establece que compete a los poderes públicos organizar y tutelar la salud pública a través de las prestaciones y servicios necesarios, nuestro sistema sanitario ha sido hasta esta ley un sistema universal y gratuito, y no puede ser de otra manera, aunque sólo sea por razones humanitarias. Es una ley inhumana, insolidaria y contraria a derecho por lo que procede su derogación inmediata y para lo que pedimos la aprobación de todos los grupos políticos.

Tenemos que recordar que en España el servicio de salud gratuito y universal lo creó el PSOE.

Sr. Cabezón Lorenzo: dicir que o sistema de saúde público e grauíto o creou o PSOE é moito dicir, entre outras cousas porque se non se dota das partidas económicas correspondentes non serve para nada. En esta moción nos imos abster, naturalmente en temas de saúde todo é mellorable, pero o certo é que en Galicia, por orden do Presidente da Xunta, se está atendendo ás persoas que acuden aos centros médicos porque o necesitan. Por razóns de forma no plantexamento da moción nos imos abster.

Sr. Pita Galego: hai que matizar que so se atende en casos de urxencia, e debe lembrarse que os médicos teñen un código ético que os obriga a actuar.

Sra. Iglesias Basanta: Moveneda apoia esta moción pero queremos que conste que o PSOE (O Señor Rodríguez Zapatero), e o Partido Popular, cambiaron o artigo 135 da Constitución. Esta modificación da Carta Magna implica que o pago da débeda pública é PRIORITARIO, por riba das pensións, educación e calquera outro gasto público, incluíndo a Sanidade pública.

Tamén lembrar que o PSOE votou a favor, co PP a aprobación da lei 15/97 que abre as portas á externalización dos servizos (privatización dos servizos sanitarios); e que posteriormente o goberno do PP colleu como bandeira, por medio de diferentes decretos que establecen o copago e recortes varios.

O PSOE (con Rodríguez Zapatero), rexeitou en numerosas ocasións derogar esta lei, como solicitou EU e outros grupos políticos no congreso dos deputados.

Por todo elo, saudamos que o grupo municipal socialista, recoñeza implicitamente os seus erros pasados con esta moción e mude de opinión, e pedimos que este xesto non seña só un simple lavado de cara ante a cidadanía pola proximidade das eleccións xerais.

Sra. Pena Barcia: temos que lembrar que esta lei está recorrida polo PSOE ante o Tribunal Constitucional.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á transcrita moción, con 9 votos a favor dos corporativos do PSdG-PSOE, MOVENEDA e GRUPO MIXTO (BNG e CG), e 4 abstencións dos corporativos do PP.

8º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE, SOBRE O REXEITAMENTO DA VIOLENCIA DE XÉNERO.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en sesión ordinaria de data 14 de setembro de 2015, acordou elevar ao Pleno da Corporación para o seu debate e votación, a moción que se transcribe literalmente:

“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE NEDA CON MOTIVO DO REPUNTE DE ASASINATOS MACHISTAS OCORRIDOS NOS ÚLTIMOS MESES.

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Neda desexa someter á consideración do Pleno a seguinte

MOCIÓN

A violencia de xénero non é un problema que afecte o ámbito privado. Ao contrario, maniféstase como o símbolo máis brutal da desigualdade existente na nosa sociedade. Trátase dunha violencia que se dirixe sobre as mulleres polo feito mesmo de selo, por ser consideradas, polos seus agresores, carentes dos dereitos mínimos de liberdade, respecto e capacidade de decisión.

Con ese convencemento naceu a lei Orgánica 1/2004 de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero. Unha lei recoñecida e mesmo premiada como unha das mellores leis de loita contra a violencia cara ás mulleres e que establece un sólido e completo marco legal para a prevención, protección, persecución e castigo da violencia por parte do compañeiro ou ex compañeiro sentimental.

A pesar diso, as mulleres seguen sufrindo violencia de xénero, e o número de asasinatos mantense en cifras arrepiantes. Nos últimos meses, a violencia de xénero segou a vida de mulleres e menores conmocionando a todo o país. A sociedade española padeceu un repunte de asasinatos machistas, convertendo o verán de 2015 nun período trágico, no que se rexistraron o maior número de asasinatos desde 2010.

Unha violencia ante a que non podemos nin queremos permanecer impasibles. Para o PSdeG - PSOE, a igualdade entre mulleres e homes é un principio fundamental. O recoñecemento que fai a Constitución de 1978 de España como un Estado social e democrático de Dereito que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político ten que traducirse na plena consideración das mulleres como suxeitos de dereitos de cidadanía. Con todo, a cidadanía das mulleres aínda non está consolidada e frecuentemente atópase en dúbida. Fronte a iso, é necesario reforzar e promover os mecanismos que a garantan e afasten do vaivén das conxunturas políticas.

Unha sociedade decente esixe avanzar cara a unha sociedade segura e libre de violencia de xénero, que garanta unha resposta efectiva ás mulleres que sofren violencia así como aos seus fillos e fillas xerando e ofrecendo os mecanismos necesarios para conseguilo.

A situación de violencia que sofren as mulleres esíxenos avanzar ata o cumprimento do convenio de Estambul, ratificado por España e que aborda de maneira integral a violencia contra as mulleres. Esíxenos avanzar ata un gran acordo por unha sociedade segura e libre de violencia contra as mulleres que implique a toda a sociedade e ós poderes públicos para loitar desde todos os ámbitos contra a Violencia de Xénero, que non escatime esforzos, medios e recursos.

Por todas estas razóns, o pleno do Concello de Neda aproba a seguinte moción, na que insta ó Goberno a adoptar e promover un Acordo Social, Político e Institucional Contra a Violencia de Xénero para construír unha sociedade segura e libre de violencia contra as mulleres cos seguintes puntos:

- 1. Repor e dotar suficientemente as partidas orzamentarias, que se viñeron recortando nos últimos anos, especialmente os recursos destinados á prevención e á asistencia social das vítimas de violencia de xénero, dependentes tanto das Comunidades Autónomas, como dos servizos de proximidade dos concellos.*
- 2. Nos orzamentos Xerais do Estado 2016 multiplicar por cinco a partida destinada á Delegación do Goberno para a violencia de xénero.*

3. *Creación da Unidade de Coordinación contra a Violencia de Xénero en cada Comunidade Autónoma.*
4. *Dotar dun fondo de apoio aos concellos para dar reforzo á rede de servizos públicos, impulsando o papel que desempeñan e deben seguir desempeñando os servizos sociais municipais e centros da Muller para o desenvolvemento e cumprimento da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, a Lei 11/2007, do 27 de xullo galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e a Lei Orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.*
5. *Poñer en marcha xulgados especializados en Violencia de Xénero, así como o Acompañamento Xudicial Personalizado para facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia de xénero sobre o itinerario e procedemento mais seguro, no seu percorrido xudicial dende o momento no que poñen a denuncia ata o final do proceso.*
6. *Establecemento de protocolos de intervención específicos para a atención integral ás mulleres que retiraron a denuncia por violencia de xénero.*
7. *Activar de forma permanente o Plan Nacional de Sensibilización e Prevención da Violencia de Xénero.*
8. *Incorporar ao currículo a formación específica en Igualdade, educación afectivo-sexual e de prevención da violencia de xénero en todas as etapas educativas.*
9. *Pór en marcha un Plan integral para previr, protexer e reparar o dano a menores vítimas de violencia de xénero.*
10. *Obrigatoriedade de que tanto os maxistrados á fronte de órgano xurisdiccional especializado, como avogados, forenses e equipos psicosociais que interveñan nos xulgados especializados de violencia de xénero teñan certificado, previamente a ocupar o seu posto, formación específica na materia impartida por unha institución acreditada.*
11. *Ampliar as disposicións preventivas, procesuais, punitivas e protectoras da lei de 2004 para abarcar, coas adaptacións necesarias, todas as formas de violencia contra a muller, tal como esixe a Recomendación Xeral nº 19 da CEDAW e o Convenio do Consello de Europa sobre Prevención e Loita contra a Violencia contra a Muller e a Violencia Doméstica (Convenio de Estambul), que España ratificou.””*

DEBATE: Sra. Pena Barcia: Se trata de una lucha que empezó hace años, pero que a la vista de los escalofriantes datos se pone de manifiesto que queda mucho por hacer, que las medidas existentes son insuficientes, , por lo que entendemos que se tiene que tener mayor presupuesto, , mayor sensibilización, mejores medios judiciales, creación de protocolos de intervención para atención integral.... y eso es lo que proponemos con esta moción, por lo que solicitamos la aprobación de todos los grupos políticos.

Sr. Cabezón Lorenzo: Nunca poderíamos votar en contra de la aplicación de medidas que pongan fin a esta lacra. Por supuesto vamos a votar a favor.

Sin embargo, consideramos que siendo la Ley Orgánica 1/2004 de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género una buena ley, de hecho no ha conseguido frenarla lo que quiere decir que hemos sido capaces de llegar al origen.

Dicen Uds. Que el número de asesinatos mantense en cifras “arrepiantes”, para nosotros la simple existencia de un solo asesinato o un solo “maltrato” ya es “arrepiante”.

En cuanto a los puntos para los que se solicita nuestro apoyo, naturalmente apoyamos que una vez que estamos en fase de recuperación económica se incremente las partidas presupuestarias destinadas a este fin de prevención, aunque no entendemos porque “multiplicar por cinco” la partida destinada a la delegación del Gobierno para este fin... Porque cinco y no seis... o siete y por descontado consideramos que hay que ir a la raíz del problema es preciso seguir incidiendo en los planes formativos tanto con educadores como alumnos de ESO, bachelato, FP e incluso universitarios para erradicar conductas de este tipo. Planes que por cierto está desenvolvendo la Xunta de Galicia a través de distintas Consellerías.

Sra. Pardo Rodríguez: a favor da presente moción e de calquera medida que contribúa a atallar este problema.

Sra. Iglesias Basanta: o noso grupo municipal tamén está a favor da moción.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade presta aprobación á transcrita moción.

9º.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE E DO GRUPO MIXTO, SOBRE APOIO ÁS PERSOAS REFUXIADAS E MIGRANTES EN EUROPA.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en sesión ordinaria de data 14 de setembro de 2015, acordou elevar ao Pleno da Corporación para o seu debate e votación, a moción que se transcribe literalmente:

“MOCIÓN DE APOIO ÁS PERSOAS REFUXIADAS E MIGRANTES EN EUROPA

DONA ANA ROSA PENA BARCIA, voceira do grupo municipal socialista e DONA HELENA PARDO RODRÍGUEZ, voceira do grupo mixto, conformado polo Bloque Nacionalista Galego e Convergencia Galega, actuando en nome e representación dos mesmos e ao abeiro do establecido na normativa aplicable, por razóns de urxencia, elevan ao Pleno da Corporación para o seu debate a seguinte

MOCIÓN

Atopámonos ante o éxodo máis importante dende a II Guerra Mundial, millóns de persoas que fuxen da guerra, da fame e da miseria, situación que por desgracia o noso pobo coñece perfectamente, nós sufrimos o exilio e non hai tantos anos, somos

solidarios porque a solidariedade é un deber moral, inescusable en todo caso e máxime diante do drama que están vivindo millóns de persoas.

O goberno de España, ten a competencia exclusiva en materia de atención a refuxiados, ten que ofrecer unha solución de estado coordinando un plan estatal de protección e acollida humanitaria de refuxiados; o Concello de Neda, na medida das nosas posibilidades e competencias, poñémonos á disposición do goberno de España a fin de contribuir a paliar as consecuencias deste drama humanitario, todo isto sen minorar no máis mínimo os esforzos en política social dirixidos aos veciños do Concello, xa que son moitas as necesidades existentes ante a grave crise económica que estamos a padecer, e que trataremos de paliar con todos os medios ao noso alcance.

Conforme co anterior, sométese á consideración do Pleno a aprobación dos seguintes:

ACORDOS

- 1. Recabaremos a solidariedade dos veciños/as que estén interesados ou poidan acoller refuxiados nas súas casas ou aqueles que teñan vivendas valeiras, en estado de habitabilidade, e que desexen ceder o seu uso temporalmente para acollida de refuxiados.*
- 2. Instaremos á Deputación de A Coruña e á Xunta de Galicia, a fin de que asignen unha partida económica especial para colaborar cos concellos que estén dispostos a acoller refuxiados nos seus municipios.*
- 3. Poñeremos un correo electrónico ao dispor dos veciños/as co fin de recoller todos os ofrecementos de acollida ou de calquer tipo de colaboración, elaborando un censo de veciños que ofrezan a súa axuda de acollida ou de calquer outro tipo, recollendo os datos básicos de contacto e información sobre as características da axuda ofrecida.*
- 4. Facilitaremos aos refuxiados que fosen acollidos axudas sociais alimentos, facilitaremos escolarización de menores, atención médica....*
- 5. Instaremos á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado que promova, no marco das institucións europeas, un xiro nas políticas de asilo e cooperación cos países empobrecidos, para traballar a prol da súa pacificación e desenvolvemento.*

A nosa disposición será comunicada á FEGAMP a fin de que coordine os ofrecementos dos distintos Concellos. E solicitamos a axuda e participación conxunta de todos os grupos políticos que conforman o Concello de Neda.””

DEBATE: Sra. Pena Barcia: Es una cuestión de humanidad y solidaridad y nosotros que no hace tanto sufrimos esta terrible situación no podemos sino reaccionar ayudando en la medida de nuestras escasas posibilidades, con las medidas que proponemos y siendo conscientes del tiempo en que vivimos y de las necesidades de nuestros vecinos que no serán descuidadas ni un ápice, ahora necesitamos la ayuda y colaboración vecinal que sin duda ofrecerá la ciudadanía como siempre hace en situaciones de drama como la de los millones de refugiados, además de la ayuda vecinal, para lo que se pondrá además de un correo electrónico a su disposición, instaremos la ayuda de la

diputación y de la Xunta la concesión de partidas económicas especiales para los Concellos que acojan refugiados los cuales contarán con el apoyo de servicios sociales, además de instar al estado a promover un cambio en las políticas de asilo y cooperación

Sra. Pardo Rodríguez: as medidas que se propoñen teñen que ser solucións puntuais, xa que de futuro, a medio e longo prazo, teñen que adoptarse medidas que eviten estes fluxos migratorios derivados de situacións de guerras e semellantes, hai que tratar de atallar estes problemas no seu orixe.

Sr. Cabezón Lorenzo: El PP de Neda manifestó el día tres de septiembre, adelantándose a cualquier otro grupo, la necesidad de adoptar una postura frente a las dramáticas circunstancias que se están viviendo en lo que venimos llamando “crisis de refugiados” y frente a la moción proponemos lo siguiente:

1º.- entendemos que no es competencia de la Diputación sino de otras instancias

2º.- Insisten Uds. en la utilización de correos electrónicos cuando su utilización es aún poco extendido sobre todo en Concellos como el nuestro, es preciso una comunicación más amplia, que llegue a todos los hogares.

Solicitamos sean incluidos en la moción los puntos siguientes:

“Instamos a todas las Administraciones Públicas a:

1. *Seguir impulsando una verdadera política europea, común e integral, de inmigración y asilo, que debe contar con recursos financieros suficientes.*

2. *Reforzar la capacidad de respuesta de la Unión Europea ante situaciones de emergencia, como la que estamos viviendo.*

3. *Impulsar la dotación de fondos europeos para reforzar y concentrar los esfuerzos de cooperación en los países de origen y, en particular, de un Fondo Fiduciario Europeo para la ayuda financiera a los países de África, inspirado en una propuesta realizada por el Gobierno de España.*

4. *Dar prioridad al diálogo y la cooperación con los países de origen y tránsito, así como con los países limítrofes de las zonas de conflicto en la acogida de refugiados.*

5. *Colaborar con los países de tránsito para la protección de sus fronteras y luchar contra las mafias que se lucran con esta tragedia humana.*

6. *Trabajar juntos en cuentas iniciativas nos permitan lograr la paz y la estabilidad en los lugares de origen de los refugiados.””*

Sr. Pita Galego: de acordo coa moción, e facemos un chamamento para que non se poñan os intereses económicos das grandes potencias por riba da poboación.

Sra. Iglesias Basanta: dende Moveneda, grazas ao e-mail, whatsapp, estamos recibindo xa ofrecemento de veciños.

Por maioría absoluta da Corporación, con 9 votos en contra da admitir a emenda de adición presentada in voce por parte do portavoz do PP, dos corporativos do PSdG-

PSOE, MOVENEDA e GRUPO MIXTO, e 4 votos a favor dos corporativos do PP, non se admite a citada e transcrita emenda de adición.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade presta aprobación á transcrita moción.

10º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA, COMPRENSIVOS DO 12/2015 AO 19/2015.

O Pleno toma coñecemento dos Decretos de Alcaldía comprendidos entre o 12/2015 e o 19/2015, ambos incluídos, copias de todos os cales figuraban a disposicións dos concelleiros/as xunto coa documentación plenaria que acompañaba á orde do día da sesión.

11º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Intervén en primeiro lugar o **portavoz do grupo municipal do PP, Sr. Cabezón Lorenzo**, quen formula os seguintes rogos e preguntas:

1º.- Solicitamos se nos informe de nuevo si se ha producido algún avance en la redacción de los pliegos para la licitación de la gestión de la escuela infantil toda vez que la obra civil está concluida y el tiempo apremia.

Sr. Alcalde: dende as concellerías competentes e os servizos xurídicos, económicos e técnicos municipais se está a traballar na redacción de pregos para a posta en marcha canto antes da escola infantil.

2º.- Solicitamos se nos informe de las quejas de los hosteleros porque el canje de los tickets de servicios sociales se realice siempre en Eroski, dado que nosotros lo ofrecimos y siempre se nos argumentó que no interesaba por la forma de pago que tiene el Concello.

Sr. Alcalde: agora parece que si existe disposición por parte doutros hosteleros do municipio.

3º.- Dado que se acaba de otorgar al Concello de Narón una concesión para un área de hostelería en el Paseo marítimo, nos gustaría saber porque nuestro proyecto se encuentra paralizado cuando por otra parte además está corriendo el tiempo de concesión.

Sr. Alcalde: o Concello conta coa concesión da Costas do Estado, pero non cos permisos de instalación, así que nos vemos na obriga de realizar unha consulta á Secretaría Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia sobre a posibilidade de realización da obra en terreos dotacionais de acordo con Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado inicialmente en setembro de 2014.

4º.- Que ha ocurrido con respecto al establecimiento "Bus de Neda" puesto que se nos indica que quieren retirarlo del Paseo Marítimo y que se le ha retirado tanto las llaves del albergue de peregrinos como el sello para sellar la compostela, al hilo de esto queremos saber cómo se está gestionando el albergue dado que hay gente que ha llegado a dormir el porche.

Sr. Alcalde: non se lles retirou permiso de ningún tipo, simplemente había unha conexión indebida ao fluído eléctrico e se lles requiriu para que o puxeran en orden. Por

outra banda, se lles pediu que retiraran o bus para o día da festa do pan, toda vez que o Concello licitou un ambigú e eles nin tan sequera se presentaron á licitación.

Sra. Pardo Rodríguez: en canto o servizo que prestaban para o albergue de peregrinos non lles correspondía, xa que según teño coñecemento verbal Protección Civil ten un convenio asinado co Concello, por importe de 3.000 euros anuais, e son eles os encargados da atención no albergue.

5º.- Solicitamos también conocer qué medida se ha tomado en cuanto a la aportación económica del Concello a las distintas comisiones de fiestas dado que la Sra. Pardo en una comisión de Delegados de área acusa al anterior gobierno de "arbitrariedad" en su concesión cosa que rechazamos de forma tajante.

Sra. Pardo Rodríguez: dende o goberno municipal estamos traballando para elaborar un regulamento que ordene as aportacións económicas do Concello ás comisións de festas, de acordo cun criterio homoxéneo de asignacións a cada unha delas.

A continuación intervén a **concelleira do grupo municipal do PP, Sra. Rico López,** quen formula os seguintes rogos e preguntas:

1ª.- En primeiro lugar quero comunicar ao goberno municipal que dende o noso grupo pediremos información por escrito sobre diversas cuestións relacionadas coa organización e desenvolvemento da festa do pan, ao obxecto de que se proporcione dita información por escrito.

2ª.- Queremos saber por qué non houbo avituallamento para os participantes nesta edición da ruta dos muños?

Sra. Pardo Rodríguez: teño que dicirlle que foi un erro pola miña parte, e que subsanarernos para vindeiras convocatorias e celebracións.

3ª.- Tamén queremos preguntar por qué non se colocaron os carteis anunciadores da festa do pan en todos os sitios de costume?

Sra. Pardo Rodríguez: simplemente houbo algún problema loxístico en algún dos puntos, pero que tamén se arranxará para vindeiras ocasións.

4ª.- Por último, quero comentar que nunha reunión cos hostaleiros locais, por parte da Sra. Pardo na súa condición de concelleira de turismo, se puxo en dúbida a nosa xestión durante os anos que estivemos no goberno municipal; pediría que estas críticas se nos fagan directamente e nos foros adecuados, e ademais quero tamén amosar a miña sorpresa ás mesmas, cando a Sra. Pardo ni tan sequera formaba parte da Corporación Municipal nestes oito anos anteriores de goberno municipal.

Sra. Pardo Rodríguez: non son conscente desas críticas, pero calquera que teña que formular a farei directamente, xa que ese é o meu estilo.

Seguidamente toma a palabra a **portavoz do grupo municipal de MOVENEDA, Sra. Iglesias Basanta,** quen formula os seguintes rogos e preguntas:

1ª.- No Pleno do 16/07/2015 presentamos unha moción para a substitución e arranxo das marquesiñas.

En Comisión Informativa preguntamos pola do IES Fernando Esquíó e se nos deu contestación dos avances con respecto a ela.

Pero quixeramos saber que se vai facer có resto? Polo menos; coa máxima brevidade posible arranxar a que está no circuío dos transportes escolares.

Sr. Alcalde: prorrogamos dous meses o contrato que tiñamos cos operarios, entre outras cousas, para que deran arranxado este tema das marquesiñas.

2ª.- No anterior Pleno preguntabamos se se ían gravar os plenos. Temos interese nelo xa que os poderían colgar na páxina do Concello e así tódolos veciños, con acceso a internet e que non poidan acudir ós plenos, poidan sentirse participes véndoos

Ían estudalo, quixeramos saber en que punto están ??

Sr. Alcalde: está en fase de estudo, agora que xa temos un servizo informático con máis horas de presenza, e que está a traballar neste e noutros temas.

3ª.- Por unha demanda veciñal, na zona dos Subarreiros, os mariscadores se queixaron de que non podían empregar a ponte grúa que hai, din que esta estropeada. Solicitamos que a revisen e se arranxe.

Sr. Alcalde: nos poñemos mans a obra para arranxala.

4ª.- En Neda a poboación maioritaria é dunha idade avanzada, Quixeramos saber se se valora o estudo para a creación en Neda dun Centro de día.

Sr. Alcalde: xa estamos traballando para buscar posibles ubicacións para o centro de día.

Sr. Cabezón Lorenzo: mentres se traballa na busca dunha ubicación tamén se pode conveniar cos centros de día de Narón, que temos ofrecementos en tal sentido.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión cando son as trece horas e coarenta e cinco minutos do día sinalado no encabezamento, de todo o cal esténdese a presente acta, do que eu, Secretario, dou fe e certifico.

O Alcalde,

O Secretario Xeral,